

O procesador de textos

1. Operacións básicas co texto

As operacións básicas que podemos realizar co texto son:

- **Escribir texto.** Basta con pulsar as teclas dos diferentes caracteres. Recorda que no é necesario facer nada ao final da liña, o texto flúe automaticamente á liña seguinte.
- **Borrar texto.** Podemos facelo de dúas maneiras:
 - Colocándonos detrás do texto e pulsando a tecla de *Borrar*.
 - Situándonos diante do texto e pulsando a tecla de *Suprimir*.
- **Seleccionar texto.** Tamén temos varias accións:
 - Facemos clic no botón esquerdo do rato e, sen soltar, arrastramos ata escoller o texto desexado.
 - Facendo sucesivos clic's no botón esquerdo do rato:
 - un clic: situamos o cursor.
 - Dobre clic: seleccionamos unha palabra.
 - Tres veces: seleccionamos unha frase.
 - Catro veces : seleccionamos un parágrafo.

2. Atallos de teclado

Para realizar as operacións de cortar, copiar e pegar, ademais de facelo coas iconas correspondentes ou polos menús, tamén existen atallos de teclado:

- Cortar: Pulsamos á vez as teclas Ctrl + X
- Copiar: Pulsamos á vez as teclas Ctrl + C
- Pegar: Pulsamos á vez as teclas Ctrl + V

O portapapeis

Chamamos portapapeis a unha zona memoria reservada polo sistema operativo, onde se almacenan temporalmente elementos.

Cando lle dicimos ao sistema que queremos copiar ou cortar algún elemento, colócase unha copia deste no portapapeis, quedando na memoria do ordenador e a disposición do usuario, para utilizalo na mesma aplicación ou noutra.

3. Tipos e tamaños de letra.

A continuación temos algún exemplo de tipos e tamaños que lle podemos dar as letras nos nosos textos.

12 Time New Roman

16 Comic Sans MS

14 FreeSans

13 IMPACT

15 Purisa

4. Inserir unha imaxe

Ao inserir unha imaxe dun ficheiro: INSERIR > IMAXE > FICHEIRO, o procesador de texto permítenos realizar moitas operacións con ela.

